

# CONSTRUÍNDΟ FUTURO

é o momento, impícate!

Vivimos nun momento en que é preciso mudalo todo. Nunca nas últimas décadas se amosou tan claramente que o actual réxime político está esgotado, político, social e institucionalmente. Así, o soporte partidario do réxime, en forma de PP e PSOE, amósase cada día máis incapaz de xestionar un modelo que eles mesmos crearon.

Nos últimos anos vese con maior crueza como a situación de subordinación política e económica ao Estado español só provoca para a Galiza máis desigualdade social, desemprego e emigración. A nosa mocidade marcha ao estranxeiro en cantidades que non se lembran nos últimos 30 anos, ante a falta de expectativas de futuro no noso propio país. Non é a Galiza unha nación pobre, senón empobrecida. Non termos instrumentos que nos permitan decidir sobre nós impide que poidamos reverter esta situación. Precisamos ferramentas democráticas que teñan como obxectivo dar voz ao noso pobo e outorgarlle a capacidade real de decisión, isto é, soberanía, soberanía para facer posíbel unha saída á crise en favor da maioría social, para facer viábel o noso desenvolvemento económico, social e cultural e para construirmos colectivamente unha Galiza libre, digna, democrática, xusta e igualitaria.

Diferentes pobos do Estado español e mesmo do continente, como o escocés ou o catalán, están a desenvolver procesos que unen a procura dun estado propio coa mellora das condicións de vida e o benestar dos cidadáns e cidadás desas nacións. Esas mesmas conviccións son as que en Galiza veñen guiando a acción política do BNG, unha acción política encamiñada á conquista da soberanía do noso país, en beneficio da maioría social e do seu benestar. E para lograrmos ese obxectivo, é preciso que o proxecto nacionalista avance, ampliando o seu espazo e incorporando sectores e persoas que comparten o ideario nacionalista e de esquerdas, co fin de contribuír á emancipación nacional e social do pobo galego.

Neste sentido, as eleccións municipais de maio de 2015 deben servir para ensanchar e fortalecer a presenza institucional do nacionalismo na Galiza, como

# CONSTRUÍNDΟ FUTURO

é o momento, impícate!

mellor xeito de xerar políticas que combatan a desfeita social que os gobernos do PP están a provocar no noso país. Estas políticas deben servir para pór os concellos ao servizo da maioría social e tamén para que cidadáns e cidadás posúan maior capacidade de participación e decisión. Porque esta maior capacidade de participación e decisión é garantía dunhas institucións municipais más abertas e democráticas, onde non haxa lugar para as prácticas clientelares e corruptas hoxe existentes e que son inherentes ás políticas antisociais que practica o PP.

Porque non son tempos de localismo, senón de alternativas globais para un pobo que se auto-organiza e non se resigna a ser anulado. Na Galiza temos un xeito diferente de habitar o territorio, unhas necesidades específicas de financiamento municipal, unha lingua e cultura nosas, uns servizos públicos que precisan de adaptación á nosa realidade social. Non valen, daquela, opcións miméticas, válidas para outras latitudes, mais inútiles para nós e os nosos concellos: precisamos dunha expresión política propia, adaptada á nosa nación e comprometida coa súa defensa e liberación.

Por iso promovemos asembleas abertas. Porque o desafío que emprendemos necesita do compromiso e da participación popular, precisa de moitas mulleres e homes, mozas e mozos orgullosos da súa condición de galegas e galegos, que enarbolen a bandeira da loita pola democracia, a xustiza e a dignidade.

Máis que nunca, é tempo de sumarmos esforzos, de comprometermonos persoal e colectivamente e de xerarmos ilusión no afianzamento do proxecto de ruptura e transformación social que o nacionalismo representa na Galiza. Queremos mudalo todo, e mudalo desde nós, para **construírmos futuro**.

SÚMATE AO PROCESO  
IMPULSADO POLO



bng.gal  
twitter.com/obloque  
facebook.com/bloquenacionalistagalego